

ARTE

# Fran Herbello: seres protésicos

┌ A Fundación Granell adícalle unha sala ó labor fotográfico deste artista ─ As imaxes en branco e negro tratan o corpo humano desde o artificio e provocan ó espectador

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

A Fundación Granell adícalle unha sala ó traballo fotográfico do xove artista de orixe suíza Fran Herbello. A súa ascendencia galega corre parella á súa formación e educación.

As imaxes en branco e negro que se presentan ata o 10 de febreiro tratan o corpo humano desde o artificio, despistando con trucos bastante elementais, como o pegado sobre o pel de elementos estranhos a ela, pero cun resultado que produce total credibilidade. Desapareceu todo rastro de manipulación sobre a superficie tratada. O visitante non deixa de pasmarse ante a forza dunhas figuras abrumadoras na súa veracidade.


O retocado humano adoita obedecer a un dictado da moda, a cuestións de saúde ou por puro esnobismo. É unha práctica cada día de uso máis frecuente pero con precedentes que se remontan moitos séculos atrás, como se observa na autorepresentación dun Miguel Ángel simulándose un San Bartolomé sostenendo o seu propio pel.

O traballo ten moito de escultórico. O artista dá voltas e amasa o pel seguindo as directrices

**O visitante non deixa de pasmarse ante a forza das figuras.**

daquel manifesto carnal de Orlan que oscilaba entre a desfiguración e a refiguración, pero diferenciándose da artista no sentido de que aquí non interesa a operación cirúrxica en si senón o resultado final, un acabado que obvia calquera resto de sangue ou as interioridades corporais.

Unha fotografía amosa unha



Un pé a modo de zapato de Fran Herbello

longa cabeleira separada do cranio e colgada ó clareo a modo de colada. Outras retratan unhas mans, brazos ou pescozos pintados ou cosidos simulando o traballo dunha máquina de tricotar. En lugar de próteses de silicona, Herbello sèrvese de elementos de uso cotián como

unha percha, unha cremalleira ou grampas que simulan adaptarse en conxencia coa derme.

Un torso desgarrado, mutilado ou percorrido por cicatrices pero que á vista non presenta sintoma de sufrimento ou desgarramento ningún, tráenos á memoria ecos surrealistas.

Xa sentenciou Magritte no seu cadro *Modelo rojo* que a unión de pé humano e zapato se baseaban nunha práctica monstruosa.

Realmente é terrible tamén aquí a imaxe dun pé abotonado con cordóns como se fose un zapato, pero é unha metamorfose ou esqueomorfo pracenteiro froito da súa paciencia e dunha habilidade extraordinaria que corre parella ó labor minucioso dun cirurxán.

A transgresión vivida pola sociedade tamén se respira nunha obra que transgride os sentidos. A

**A transgresión vivida pola sociedade tamén se respira na obra.**

cultura sofre de feminización: así o delata ese torso masculino parcialmente depilado e travestido a través dunha prenda íntima feminina. Un sexo erecto érguese no ceo emulando unha torre, propicia para que pouse nela unha cigoiña.

Todas estas iconas fragmentados compond e descompondo o corpo humano forman un puzzle extraño disfrazado de cotidianeidade que só puido sobrevivir iconograficamente grazas á fotografía.

Lonxe de tratar o torso de maneira pracenteira, seguindo ó fotógrafo Peter Witkin, retrátao segundo o compón o propio artista procurando o sarcasmo e un sentido visual próximo ó abismal e dramático.

En moitas fotos é o propio corpo do artista o que serviu de ready-made modificado. A obra deste peculiar artista galego gustará ou non, pero non cabe dúbida de que será imaxe para o debate público.

CINE

## Unha serie de incongruencias para asustar o espectador

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



THE RING

Director: Gore Verbinski  
Intérpretes: Naomi Watts, Brian Cox  
País: Estados Unidos

É certo que *The ring*, remake do filme dirixido polo xaponés Nakata en 1998, non se desvía polo sangue abundante, polos efectismos baleiros nin polas salsas de violencia das que gustan millóns de adolescentes no mundo, pero carece da fortaleza, do misterio e suspense que produce inquietude, aguza a intelixencia, acelera os temores internos. É unha morea de situacións inconexas, infundadas, disparatadas e incongruentes pegadas coa finalidade de entreter e asustar. Mais non entretén nin asusta. Porque se ó comezo, dúas adolescentes comprobando en propia carne a eficacia dunha cinta que ó vela produce a morte, pode inzar nos espectadores certa intriga, ó ir correndo os minutos á beira dunha intrépida xornalista tratando de desvelalo misterio, por aparece-los datos atrapallados nunha incoherencia descarada, a trama perde credibilidade ata alterar con interferencias constantes a atención de quen a segue. Por iso os sustos, prefabricados, anunciados, artificiais, ou producen riso ou berros anticipados, co que ningún sente medo nin terror, só algún mínimo susto para o que xa se leva con antelación previndo.

Existe material máis que suficiente cargado de coherencia e congruencia no mundo coma para poder filmar boas películas de suspense, fantasía, medo ou terror. O que acaba sendo terrorífico é que para causar algún terror, asustar, haxa que recorrer a tramas tan insubstanciais. Se a materia coa que se pretende construí-la historia está escolleita sen pés nin cabeza, o resultado acaba sendo o que isto é: un lote de historias mal amasadas. Pouca fantasía, terror, algún susto baleiro.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOZA

# CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Teatro Principal

CENTRO CULTURAL DEPUTACIÓN OURENSE

PAZO DE VILANARÉN

REAL BRASO DE OURENSE MONTAÑAS QUINGES

escola provincial de danza

XORRAZAS FOLCLORE

ORRADOIRO DE INSTRUMENTOS

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

Biblioteca